

## ESTUDIO DOS IMPACTOS DO EURO NA XESTIÓN DA EMPRESA

ALEJANDRO M. VASALLO RAPELA  
Departamento de Economía Aplicada  
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos  
Universidade da Coruña

*Recibido:* 23 novembro 1998

*Aceptado:* 14 decembro 1998

### INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo consiste en realizar un estudio dos principais impactos da moeda única no ámbito empresarial e as estratexias de adaptación a través dunha empresa imaxinaria do sector auxiliar de automoción.

Cómpre ter en conta que as decisións sobre a adaptación ó euro non terán carácter xeral senón que virán condicionadas pola dimensión internacional da súa competencia, polas súas relacións cos provedores e cos distintos axentes económicos que operen coa empresa, o que provocará distintas decisións en cada actividade empresarial. Esta situación prodúcese porque, en termos empresariais, existen argumentos para a utilización do euro na fase transitoria, pero tamén hai motivos que poden facer aconsellable atrasa-lo uso do euro (non haberá billetes nin moedas en euros ata o 1 de xaneiro do 2002 e, ademais, existe o custo de desenvolver sistemas en ámbalas dúas moedas).

A empresa ten que afrontar este novo reto dunha forma eficiente e minimiza-los impactos negativos. Sería desexable unha estratexia de transición que se adaptara á realidade de cada empresa e ó contorno no que desenvolven a súa actividade.

Loxicamente, o programa de adaptación ó euro dependerá do tamaño da empresa e das súas posibilidades de actuación. As PEMES necesitarán realizar un maior esforzo neste sentido, polos menores recursos dispoñibles, xa que os grupos de traballo moitas veces se reducen a unha soa persoa que se responsabiliza do seguimento dos temas relacionados co euro e da análise das repercusións e dos posibles cambios que fose necesario implantar (dende un punto de vista práctico, e independentemente do tamaño da empresa, o ideal é realizar unha avaliación do custo do proxecto e dotalo orzamentariamente no seo da empresa).

Canto antes comecen as empresas a prepararse, maiores serán os beneficios que recibirán. A lección, neste caso, é exactamente igual ca en impactos anteriores xerados pola integración europea: o do Tratado de Adhesión e o do Mercado Único.

A implantación do euro implicará unha serie de adaptacións de carácter práctico que son comúns a tódalas empresas. A continuación, realízase unha análise, a través

dunha empresa imaxinaria, daquelas cuestións nas que se notará a influencia da substitución da peseta polo euro, co obxectivo de comproba-la situación de cada PEME a este respecto e resaltar algunhas orientacións.

## O CASO DE FERDIAUTO, S.A.

O 5 de maio de 1998, José L. Fernández discutía en Vigo co Consello de Dirección da súa compañía acerca do plan empresarial (tamén chamado plan corporativo) que tiñan diante.

José L. Fernández era o conselleiro delegado da empresa e o maior accionista de FERDIAUTO, S.A., empresa familiar que tiña a súa sede en Vigo e que se dedicaba á produción, distribución e venda de compoñentes para a automoción (concretamente equipos eléctricos). FERDIAUTO tiña, ademais, a distribución e venda exclusivas para Galicia de varias liñas de produtos, relacionados con pneumáticos e caucho, dunha multinacional francesa. A través desta relación comercial implicouse como propietario en tres puntos de venda (Ourense, A Coruña e Lugo) e, na actualidade, estaban estudando a ampliación da súa rede de vendas en dúas novas cidades: Santiago e Vigo.

O sector pasara dunha década —finalizada en 1995— chea de sopresas e incertezas a uns anos nos que se realizou un grande esforzo de adaptación ós cambios do mercado, en xeral, e do consumidor, en particular. En definitiva, produciuse unha fonda transformación a tódolos niveis ata chegar ó ano actual, que se configura como un sector en alza e sobre o que se están realizando distintos movementos de reestructuración empresarial.

A empresa fora capaz de asumir-lo reto da globalización e de adaptarse ás esixencias de integración cos fabricantes, nun marco de escasas oportunidades debido á situación da que saía o sector. Os seus directivos eran conscientes de que as cadeas de distribución, venda e servizo estaban sendo cuestionadas e sometidas a fondas modificacións, ó mesmo tempo que os clientes cada vez tiñan un nivel máis alto de esixencia, o que conducía forzosamente a unha obrigada calidade total, aplicando novas tecnoloxías, innovando produtos que requirían novos conceptos dos investimentos, novos enfoques de vendas e publicidade, cambios na comunicación entre provedores e clientes e, sobre todo, unha resposta rápida ós cambios na demanda.

A participación da industria fabricante de automóviles no PIB nacional é do 5,5%, cun peso similar dos empregados do sector na poboación activa total. Se, ademais, lle engadímola industria auxiliar de compoñentes e accesorios para a automoción, as actividades aseguradoras, de financiamento, etc., a súa participación chega a duplicarse. O noso país figura no sexto lugar en importancia no ámbito dos países fabricantes no mundo.

A industria española de automoción está vivindo actualmente un dos seus mellores momentos xa que no pasado exercicio facturou case tres billóns de pesetas, cun

crecemento do 32%, e potenciou a súa presenza internacional. Distintas razóns xustifican esta situación: o bo comportamento que está tendo o mercado de recambio cun nivel ascendente, a demanda de pezas por parte dos constructores de automóbiles nacionais e estranxeiros ou os altos niveis de calidade que, sen dúbida, están relacionados cos fortes investimentos dos últimos anos para a modernización dos procesos de produción, investigación e desenvolvemento.

A pesar do prestixio e do éxito dos fabricantes españois, dos seus niveis de calidade e da evolución recente, este subsector arrastra un importante déficit, motivado pola importante presenza de multinacionais fabricantes de automóbiles, que propicia uns niveis moi elevados de importación en canto a motores e compoñentes.

A tendencia é que no futuro a balanza comercial do sector se vaia equilibrando e boa parte destas expectativas débense, en gran medida, ó comportamento das exportacións (crecementos de case o 8%). Precisamente, dentro das vendas ó exterior a evolución máis favorable durante o ano 1997 presentouna o sector de equipos eléctricos, seguido do segmento de carrocería, pneumáticos e caucho.

A Unión Europea continúa sendo o principal socio comercial (acapara case o 82% das exportacións) do sector de equipos e compoñentes para a automoción, con Alemaña, o Reino Unido e Francia como principais clientes. Ademais, tamén a Unión Europea é o noso provedor máis importante, cun nivel de subministración de practicamente o 91%.

En Galicia, os últimos datos dispoñibles destacan o incremento experimentado polas importacións do sector do automóbil, con incrementos do 36,83%, ata alcanzar un valor superior ós 200.000 millóns de pesetas. As importacións do sector representan o 26,83% das importacións de Galicia e constitúe o primeiro capítulo de importación da Comunidade Autónoma. A diferenza do que ocorría noutros exercicios, obsérvase que na composición por partidas das importacións o maior aumento lle corresponde á importación de turismos fronte ó de compoñentes. En canto ás vendas ó exterior, o sector do automóbil é o apartado máis importante, cunhas exportacións de 269.342 millóns de pesetas, case un 37% das exportacións de Galicia, e un crecemento do 28,74%, moi por riba do crecemento do sector para o conxunto de España.

## PLANIFICACIÓN INTERNA

José Luis Fernández sempre realizara plans para o crecemento futuro da empresa pero, como consecuencia dos cambios estruturais nos que se viu involucrado o sector, decidiu, dende 1995, que esa planificación debía estar formalizada e non podía ser só un compromiso mental ou un curso de acción. Ultimamente, interesáballo o plan empresarial como documento de planificación interna, que examinara a forma en que unha empresa integra os seus departamentos para producir un efecto global e respondera, en último termo, á pregunta ¿de onde saen as ganancias?

O punto de partida do proceso era decidi-los obxectivos a longo prazo da empresa e os plans de actuación requiridos para alcanzar estes obxectivos (o período elixido

era de dous anos). Posteriormente, necesitaba unha análise dos puntos fortes e débiles da súa empresa e produci-las previsións correspondentes. En síntese, o documento estruturábase da seguinte forma:

1) Obxectivos da empresa:

- a) Persoais: ademais da taxa de crecemento e de cuestións relacionadas co nivel salarial de persoal de dirección, tratouse un posible cambio de socios e a venda de parte da empresa.
- b) Comerciais: as ganancias netas por vendas, o crecemento das ganancias, o rendemento do investimento, o aumento do activo neto e o aumento do patrimonio neto eran algúns dos obxectivos de natureza financeira que se abordaron na reunión. Entre os obxectivos non-financeiros analizáronse: marketing, organizativos, de xestión, emprego, legais, todos eles subordinados ós obxectivos financeiros máis importantes.

2) A base da estratexia (identificación e análise):

- a) Puntos fortes e débiles: produtos, marketing, produción, financiamento, xestión e organización.

Os aspectos máis preocupantes relacionados cos conceptos anteriores eran, para os xestores internos e asesores externos da empresa, os seguintes:

- O baixo nivel de investigación e desenvolvemento de produtos (en función do que investía a competencia).
- A calidade das instalacións, dos equipos e da fábrica veríase necesitada, nun prazo de dous anos, de fortes investimentos para realizar unha fonda renovación.
- A política de prezos oríentase dende a cúpula da empresa, case sempre sen escoita-lo persoal dedicado ás actividades de venda e distribución.
- A xestión financeira da empresa; era necesario o control do esixible a curto prazo ata rebaxalo a niveis similares ó de 1997.
- A necesidade de incrementa-la calidade dos mandos intermedios a través de accións formativas, para os que pertencen ó persoal da empresa, e reforzando os mecanismos de selección con vista ás novas incorporacións.

- b) Oportunidades e ameazas: competencia, factores políticos, económicos, sociais e tecnolóxicos.

Baixo este marco pretendíase engloba-los factores externos da empresa que afectan ás operacións e a identificación de aspectos do contorno externo nos que poderían xurdir oportunidades ou ameazas: competencia (aparición de novos competidores e cambios de estratexia dos competidores existentes), factores políticos (políticas novas, lexislación nova), factores económicos (cambios cíclicos, estruturais, inflación, tipos de cambio, ámbito internacional,

etc.), factores sociais (cambios demográficos, culturais e sociais) e factores tecnolóxicos.

3) Avaliación dos compoñentes da estratexia: a estratexia debería aproveitar os puntos fortes (ó tempo que supera os puntos débiles), tendo en conta as áreas de oportunidades importantes e as ameazas que se revelan no contorno. Neste sentido, elixiuse un conxunto final de opcións estratéxicas para o período:

- Productos e servicios ofrecidos.
- Decisións de produción.
- Decisións sobre clientes e marketing.
- Decisións organizativas, de xestión e persoal.
- Requisitos financeiros e elección de métodos de financiamento.

4) Elaboración de previsións e orzamentos: completa o proceso de planificación. A previsión é o proceso de representar en termos financeiros os resultados probables dun exercicio, o que significa a elaboración das contas de perdas e ganancias, balances de situación e fluxos de caixa proxectados para un período dado. As previsións proporcionan, neste caso, unha visión xeral para os próximos dezasete meses.

A fin de semana previa a esa reunión do consello de FERDIAUTO, os ministros de Economía e Finanzas apoiarían as actuais paridades centrais do SME, como as de carácter irreversible que entran en vigor o 1 de xaneiro de 1999. Pero, ata esa data, non se pode coñecer o valor definitivo que terá o euro para cada unha das divisas.

En termos de balance, hai que ter en conta que aunque non se pode anunciar aínda a equivalencia euro-peseta —para iso haberá que esperar a final de ano— non se esperan a penas variacións do seu tipo central co ecu (168,22 pesetas).

## PREOCUPACIÓNS

O apartado número 2 do documento, no que a oportunidades e ameazas se refire, acaparou o tempo destinado a esta reunión, debido a que a compañía estaba seriamente preocupada polas cuestións seguintes:

- Contorno global: análise das previsións da evolución da economía, no que afecta ó sector de automoción, ante o reto da Unión Monetaria.
- Tendencias de mercados, produtos e compañías da competencia.
- Mercados emerxentes.
- Situación dos provedores ante os movementos empresariais do sector.

O problema máis urxente, debido ás datas nas que se atopaban, era o da estratexia de adaptación da empresa á moeda única xa que a fin de semana anterior, no Cumio de Bruxelas, o Consello Europeo decidira, por proposta da Comisión e co informe favorable do Parlamento europeo, que once países (entre os que se atopa España)

culminaran o obxectivo de pór en marcha a introducción dunha moeda única e común para todos na data prevista: o 1 de xaneiro de 1999. Ademais, asumiran a esixencia dunhas paridades fixas entre as súas divisas nacionais, a ratificación dun pacto de estabilidade orzamentaria, que en certo modo continúa co cumprimento dos criterios de converxencia, e a presidencia do Banco Central Europeo.

José Luis Fernández estaba decatándose de que a introducción da moeda única supoñía non só un reto de tipo operativo senón tamén estratéxico, que os prazos non só se cumprían senón que incluso se recortaban, que o impacto era de gran dimensión e que, ademais, algunha compañía da competencia podería reforza-lo seu liderato cunha estratexia activa de implantación.

### **IMPACTO POR ÁREAS DA EMPRESA E POSIBLES SOLUCIÓN**

A resposta a estas inquietudes elaborárase nos seguintes termos. O impacto do euro no sector da automoción será moi relevante, independentemente dos efectos xerais da introducción da moeda única (prezos, tipos de xuro, rigor orzamentario) nunha actividade na que economía e o automóbil teñen unha estreita relación, polo que a industria de automoción se verá particularmente afectada. No ámbito financeiro, ó ser unha industria moi interrelacionada, moi aberta e global, verase beneficiada pola simplificación das transaccións comerciais, con tendencias á aglutinación de mercados e á redución de diferencias de prezos na mesma gama de produtos. A transparencia de prezos provocará cambios na competencia entre os fabricantes, con procesos de racionalización de custos e novas esixencias de fabricantes a provedores.

O posible aforro, cunha orixe que estará no control de custos así como nas menores necesidades de realizar seguros de cambio ou de impactos das fluctuacións de divisas, traduciranse nun probable incremento da competitividade dos fabricantes europeos fronte a terceiros países (dende 1996, Corea do Sur adiantou ó noso país como fabricante).

É probable que a adaptación ó euro deste tipo de industrias se realice dende o primeiro momento debido á presenza de multinacionais no sector cun interese que se centra en operar en euros dende o primeiro momento. Evidentemente, os fabricantes de compoñentes e da industria auxiliar de automoción veranse condicionados polas decisións integradoras dos fabricantes.

A previsión de movementos empresariais ten neste sector un especial protagonismo, con tendencia cara á concentración desta industria tanto nos fabricantes como nas empresas de compoñentes e propiciando distintas alianzas empresariais, fusións e adquisicións entre as empresas do sector.

O impacto por áreas da empresa e as orientacións xerais son as seguintes.

#### **Política comercial**

A moeda única incidirá de forma notable nesta política de empresa, sendo os aspectos máis importantes os seguintes: transformación de tódolos prezos que están expresados en pesetas a euros, con especial atención ós decimais xa que será neces-

rio realizar un redondeo. Se esta operación non se realiza de forma correcta a empresa podería sufrir repercusións importantes sobre a súa marxe de beneficios. Hai que reflexionar sobre as consecuencias do redondeo en prezos reducidos e nos prezos psicolóxicos.

A aparición do euro en todo o mercado europeo implicará forzosamente unha maior transparencia nos mercados, o que propiciará a comparación de prezos.

Isto provocará a aparición de oportunidades de negocio xeradas pola maior facilidade para coñecer outros mercados ou polo aproveitamento estratéxico das campañas de información, que implantemos ante os nosos clientes, relacionadas co cambio de moeda nos nosos produtos. En definitiva, pódense obter compensacións pola vía da mellora da imaxe e do incremento de fidelidade dos clientes.

As cuestións máis importantes no ámbito da política comercial céntranse nos seguintes aspectos: redondeo, prezos reducidos, dobre etiquetado, sistema de información ó cliente e novas oportunidades de negocio, e supón un cambio importante no seo da empresa en canto á súa relación con clientes e provedores que, en moitos casos, modificará cuestións relacionadas con políticas de aprovisionamento e produción.

### **Xestión financeira**

A aparición de posibles novos mercados e oportunidades de negocio implicarán novos proxectos de investimento, ós que se fará fronte con maiores e mellores posibilidades de financiamento. As decisións financeiras que tome a empresa tomaranse nun novo marco en canto a fixación de tipos de xuro e tipos de cambio, cunha estabilidade nos tipos de xuro e cun probable descenso destes que lles facilitará ás empresas un endebedamento a longo prazo, como consecuencia da redución do risco de tipos de xuro.

O incremento da competencia entre as diferentes entidades financeiras significará unha maior transparencia e un descenso dos custos financeiros.

Un escenario de taxas de inflación baixo e controlado garantirá a posición aforradora da empresa nos depósitos que mantén no sistema financeiro.

Coa desaparición do risco de cambio, non existirá necesidade de cubrir este risco e eliminaranse os custos financeiros por cambios entre divisas, ó mesmo tempo que a baixada de tipos de xuro e un marco de maior estabilidade cambiará as pautas de investimento cun maior atractivo da renda variable fronte á fixa. Esta cuestión terá repercusións naquelas empresas que coticen en bolsa e terán máis facilidades para aumentalo seu capital social. En canto a este, cómpre resaltar que o plan nacional para a transición ó euro determina unha serie de disposicións que, polo que respecta ás empresas, establece a denominada opción euro completa, que lles permite adaptarse á moeda única dende o inicio da terceira fase da UEM.

Poderase realiza-la redenominación a euros do capital social dende o 1 de xaneiro de 1999. Preséntanse tres opcións para realiza-la conversión durante o período transitorio, aínda que as empresas que non desexen efectua-la redenominación a euros

neste período no terán ningún problema, dada a existencia do principio "non obriga/non prohibición".

Das opcións baralladas, a máis conveniente sería a de aplica-lo tipo de conversión ó capital social e dividir este polo número de accións.

Nos mercados financeiros produciranse incidencias das cales temos que estar pendentes xa que, aínda que é certo que se producirá unha maior integración, ampliación e transparencia dos mercados financeiros, estes converteranse a euros a partir do 1 de xaneiro de 1999.

A maior incerteza que se presenta é qué referencia se vai utilizar para os créditos a tipo de xuro variable referenciados ó mibor (especial repercusión nos créditos e préstamos con garantía hipotecaria), que será substituído por unha nova referencia: o EURIBOR, elaborado en función dos tipos medios do interbancario relativo a operacións entre as 58 principais entidades europeas, así como seis grandes entidades estranxeiras cunha forte presenza nos mercados europeos. Este índice será elaborado pola Federación Bancaria da Unión Europea, organismo que engloba as aproximadamente 2.900 entidades de crédito comunitarias. Para as novas operacións é recomendable o uso doutros índices de referencia de préstamos hipotecarios oficiais do Banco de España, como o índice de préstamos hipotecarios (IRPH) do conxunto de entidades ou o índice de rendibilidade interna da débeda pública.

O Ministerio de Economía e Hacienda confirmou que o MIBOR non desaparecerá o 1 de xaneiro de 1999 senón que continuará sendo publicado para os efectos dos contratos asinados antes desa data. En calquera caso, non será considerado como tipo de referencia oficial para os contratos que se asinen a partir da data citada anteriormente.

Os títulos de débeda pública serán red denominados na primeira semana de 1999 e os cupóns de xuro pagaranse en euros. As distintas comunidades autónomas farán o mesmo coa súa e esta red denominación dos valores farase a euros. Sen embargo, na práctica esta red denominación non terá efectos se o investidor mantén a súa conta en pesetas xa que, neste caso, a entidade financeira correspondente converterá os pagamentos a pesetas e a empresa ou particular recibirá os seus saldos na divisa española.

Tanto os mercados organizados españois de valores como de produtos derivados xa declararon a súa intención de levar a cabo a cotización, a contratación e a liquidación en euros dende o 1 de xaneiro de 1999, e dende entón as instrucións e liquidacións expresaranse en euros.

En canto ás contas bancarias, a data límite da súa conversión a euros é o 31 de decembro do 2001. Durante o período transitorio (do 1 de xaneiro de 1999 ata decembro do 2001) poderán denominarse en pesetas e en euros. A elección da moeda dependerá da elección do cliente nese período xa que se admitirán operacións nas dúas moedas, aínda que só se reflectirán na moeda elixida. Os extractos en pesetas expresarán o contravalor en euros.

A gran maioría dos bancos centrais pretenden levar a cabo o cambio sen custo, e os clientes con contas bancarias poderán ingresar nas súas contas moeda nacional e



reembolsar efectivo en euros sen que lle sexan cargadas comisións por esa operación.

Neste sentido, o plan nacional para a introducción do euro en España establece que entre o 1 de xaneiro e xuño do 2002 poderanse troca-los billetes e moedas en pesetas por euros sen ningún custo.

Dende a xestión financeira da empresa recoméndase:

- Estudiar novas oportunidades de financiamento.
- Revisar instrumentos de pagamento utilizados en operacións de comercio exterior e avaliar novos produtos financeiros que vaian aparecendo.
- Centraliza-la xestión de tesourería.
- Atención á introducción de novas referencias nos contratos que afectan ás operacións financeiras.

### **Contabilidade e fiscalidade**

A contabilidade das empresas poderá reflectirse durante a fase de transición, ben en pesetas ou ben en euros.

A principal cuestión para as empresas será elixi-la data en que se realice a conversión á moeda única. No caso de FERDIAUTO, polas súas propias circunstancias e polas do seu contorno, pode interesarlle o paso da súa contabilidade ó euro o antes posible (situación condicionada en gran parte pola relación cos provedores).

Independentemente de cómo se realicen os asentos contables, a presentación do balance debe expresarse nunha soa moeda que, no caso desta empresa, será en euros.

A transformación da contabilidade en principio no suscita problemas especiais porque tódolos conceptos do balance poden expresarse en euros, aplicando o tipo de conversión fixado entrámbalas dúas moedas. A relación coas entidades financeiras non presentará necesidades especiais debido a que estas levarán as contas indistintamente en pesetas ou en euros durante a etapa de transición.

Aínda que a adaptación da contabilidade da empresa é, en principio, unha simple cuestión de conversión, a substitución da peseta polo euro implicará determinadas operacións de carácter mercantil que terán o seu reflexo na contabilidade da empresa.

Ademais, o cambio de moeda traerá implicacións contables, como a contabilización dos custos do cambio, as repercusión nas valoracións dalgúns activos fixos, o nominal das accións, etc.

O proceso de conversión da peseta ó euro e viceversa producirá, dende o punto de vista contable, dous efectos relevantes e que será necesario ter en conta.

Por un lado, a realización das conversións dos totais e non dos importes individuais, evitando desta forma un maior efecto de diferencias por redondeo.

Polo outro, xurdirán problemas pola irreversibilidade do redondeo xa que, anque a conversión de euros a pesetas é reversible e se poderá repetir cantas veces se queira

sen alteracións, a operación inversa non o é debido á perda de decimais orixinada polos redondeos. O exemplo claro de falta de reversibilidade dos redondeos é o paso de pesetas a euros e logo estes euros de novo a pesetas; na maioría dos casos obtense unha cantidade que difire minimamente do importe orixinal.

Como consecuencia desta dificultade, poden producirse erros que non se compensen e que poderían ir de forma sistemática en favor dalgunha das partes.

Na práctica esta cuestión pode non ter efectos patrimoniais significativos pero si pode telos de tipo contable, xa que será necesario contabilizar estas diferencias nalgunha partida e leva-lo resultado á conta de perdas e ganancias. Este problema ocorrerá loxicamente no período de transición, en caso de manexar contas que estean nas dúas moedas, e está máis relacionado co encaixe das contas que coa propia diferenza monetaria en si que, en calquera caso, sería moi pequena.

A imputación destas perdas e ganancias podería se-la de gastos e ingresos extraordinarios, en función da súa excepcionalidade, ou ben como resultados financeiros pola súa natureza.

De tódalas formas é importante estar atento á aparición da normativa que se establecerá a este respecto xa que o Plan Xeral de Contabilidade aínda non inclúe o reflexo do euro na contabilidade. Neste sentido cómpre non esquecer que, con independencia de que a empresa poida instrumentar-las súas operacións en euros dende o comezo do período transitorio o 1 de xaneiro de 1999, precisará por parte da Administración a correspondente modificación de carácter lexislativo para os efectos de presentación de contas anuais e para o seu depósito no Rexistro Mercantil.

O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Cuentas (ICAC) realizou un documento que recolle as repercusións contables que se derivan da introducción do euro nas empresas do noso país.

As contas anuais, individuais e consolidadas, correspondentes a exercicios que se pechen entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro do 2001, poderán expresarse en pesetas ou en euros.

Os gastos ocasionados nas empresas como consecuencia da introducción do euro imputaranse á conta de perdas e ganancias do exercicio no que se liquiden, independentemente de que con anterioridade se dotaran as correspondentes provisións de gastos.

En canto á fiscalidade, hai que matizar-las características de transparencia e simplificación das transaccións comerciais, así como a tendencia ó establecemento dun sistema de prezos homoxéneos na Europa comunitaria. Estas peculiaridades poñerán de manifesto, para os distintos axentes económicos, as desigualdades no tratamento fiscal dos diferentes países e podería significar, nalgúns casos, a mobilización dos factores de produción cara a zonas cunha tributación máis favorable. Esta situación pode producirse debido a que a administración europea aínda non avanzou o suficiente en materia de harmonización fiscal, a todas luces insuficiente para tratar de evitar posibles efectos de competencia fiscal, a pesar de compartir principios comúns en determinadas cuestións.

A ausencia dunha harmonización fiscal pode provocar cambios na demanda de países cunha maior carga fiscal sobre os vehículos cara a países cunha menor fiscalidade. Nun escenario no que os consumidores van percibir de forma clara o custo dos produtos por estaren expresados na mesma moeda, aspectos como a fiscalidade, as restricións á matriculación de vehículos, etc. tomarán un especial protagonismo na competitividade para os fabricantes nacionais.

No noso país, o plan nacional para a transición ó euro permítelles ás empresas adaptarse ó euro dende o inicio da terceira fase da UEM, e resalta algunhas cuestións básicas.

A Administración tributaria aceptará que se paguen impostos en euros a partir do 1 de xaneiro de 1999 e, independentemente de que nesa data non existan billetes e moedas en euros, as empresas poderían ordenar tranferencias bancarias en favor da facenda pública, e esta podería ordena-las devolucións tributarias da mesma forma, utilizando para esas operacións o tipo de conversión.

A partir do 1 de xaneiro de 1999, as empresas poderán cumprilas súas obrigas fiscais en euros no Imposto de Sociedades, no IVE e no Documento Aduaneiro Único (DUA). O resto de figuras tributarias teñen que executarse en pesetas. É imprescindible que as empresas leven a súa contabilidade en euros durante o período obxecto de declaración.

Dende o aspecto fiscal da empresa é necesario prestarlle atención á posible lexislación que apareza en relación coa moeda única e, ademais, estudia-las consecuencias fiscais que pode te-la perda de valor de determinados activos da empresa como consecuencia da implantación do euro.

### **Recursos humanos**

Neste campo, propóñense en FERDIAUTO dúas iniciativas. A primeira vai encamiñada á formación e información dos traballadores da empresa cun obxectivo que é o de facilitar e coñece-lo proceso de cambio no seo da súa empresa, así como o impacto que terá nas súas funcións (facturación, contabilización, aspectos contractuais, asistencia a clientes nas súas relacións comerciais, etc.). A segunda vai encamiñada ó estudio detallado do cambio na xestión de nóminas, relacións con organismos externos como a Seguridade Social, aseguradoras, etc., ó mesmo tempo que se propón examinar repercusións que terá o cambio de moeda no marco dos novos convenios colectivos.

### **Aspectos xurídicos e sistemas informáticos como áreas de colaboración exterior**

Finalmente, na reunión abordáronse dous aspectos moi interesantes relacionados cos efectos da Unión Monetaria: os aspectos xurídicos da empresa e os sistemas informáticos. Sobre a primeira cuestión comentouse que as regulacións propostas pretendían garanti-lo principio de continuidade dos contratos, xa que a implantación da

moeda única non implicaba modificación do valor do diñeiro e, polo tanto, non alteraba as condicións contractuais. O conselleiro mostrou a súa preocupación polos contratos asinados, pero non completados, antes da fase de transición e autorizou a solicitude dun informe a un despacho de avogados sobre as repercusións legais do euro en FERDIAUTO. Independentemente do asesoramento legal externo, pediulle ó responsable de planificación estratéxica da empresa que lle buscara a seguinte información: o Regulamento do Consello (CE) núm.1103/97, de 17 de xuño de 1997, sobre determinadas disposicións relativas á introducción do euro (este primeiro regulamento fixa as cuestións relativas á substitución do ecu polo euro, a continuidade dos contratos, os tipos de conversión e o redondeo); en segundo lugar, solicitou tamén o borrador de regulamento sobre a introducción do euro (este regulamento, que ten prevista a súa entrada en vixor para o 1 de xaneiro de 1999, só será de aplicación naqueles países que dende a data da súa entrada en vixor adoptaran o euro como moeda única. A norma regulará os seguintes aspectos: a substitución das moedas nacionais polo euro e o período transitorio no que convivirán a moeda única con billetes e moedas nacionais).

O máximo responsable da empresa entendía que o Tratado da Unión Europea e estes dous regulamentos eran unha boa base para solucionar dúbidas e indicou os sinais de alerta sobre os que a empresa tería que centra-la súa solicitude ós asesores legais: a continuidade de contratos, os tipos de conversión e redondeo, o impacto na fiscalidade directa, a redacción dalgunha cláusula adicional de adaptación ós novos contratos, os contratos que inclúen valores de referencia que desaparecen (contratos financeiros referenciados a MIBOR) e a conversión nominal das accións a euros.

A segunda cuestión sobre a que tamén parecía necesario solicitar axuda externa era a dos sistemas informáticos da empresa, xa que un informe preliminar elaborado por un técnico en informática, empregado de FERDIAUTO, destacaba o seguinte:

O impacto da moeda única afectará de forma moi directa ás tecnoloxías da información xa que coa súa entrada en vixor os sistemas que se utilizan deben recoñecerlos decimais e realizar de forma correcta os redondeos.

Ademais, unha vez elaborado un catálogo de problemas e a identificación dos posibles sistemas afectados, e independentemente do cambio informático que orixine o euro, existe a adaptación técnica do ano 2000 co que, baixo o seu punto de vista, estamos ante un dobre impacto polo que recomenda non unha adaptación senón unha renovación dos sistemas. Agora ben, antes de decidir esta cuestión de forma definitiva sería necesario coñecer algunhas cuestións claves como son o custo comparativo de adaptación dos sistemas actuais, o investimento novo, o mantemento de novos equipos, as necesidades da empresa en función das súas expectativas de crecemento, as novas liñas de negocios, a innovación de produtos, etc.